

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS O FOMENTO DA NATALIDADE NO CONCELLO DE CURTIS

Artigo 1.-Obxecto

O obxecto destas bases é a regulación do réxime xurídico do outorgamento de axudas ás familias do Concello de Curtis polo nacemento ou adopción de fillos/as, como medidas complementarias de apoio ás unidades familiares, fomentando a natalidade e contribuíndo a fixación de poboación dentro do termo municipal.

Artigo 2.- Natureza da axuda

As axudas que se outorguen conforme as presentes bases teñen a natureza de subvención directa conforme ao establecido no artigo 22.2 c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Artigo 3.-Beneficiarios

Os beneficiarios serán os pais/nais que consten como tales no libro de familia ou na certificación literal de nacemento. Se figurase un só proxenitor ou adoptante, será este o único beneficiario. Así mesmo, terá a condición de beneficiario o proxenitor/adoptante que conviva co fillo que motiva esta axuda, tanto nos casos de nulidade, separación, divorcio ou nos supostos nos que o fillo estea exclusivamente a cargo do solicitante. En todo caso, considerarase a situación de convivencia na data de solicitude da axuda.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos/as seus/súas fillos/as ou se a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

Artigo 4.- Requisitos para a concesión da achega.

Os beneficiarios deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ser español ou estranxeiro con residencia legal en España.
- Os proxenitores, ou a lo menos un deles, deberán estar empadroado no Concello de Curtis no momento do nacemento/adopción, situación que debe manterse por un período mínimo de cinco anos dende ese momento.
- Os menores nados/adoptados deberán estar inscritos no padrón de habitantes do Concello de Curtis, e permanecer empadroado por un período mínimo de cinco anos.

- Que o menor conviva co solicitante ou solicitantes.
- En caso de adopción, o/a menor deberá ter unha idade de ata 10 anos (inclusive). Neste caso, dende a resolución xudicial, será inscrito no prazo dun mes no padrón municipal de habitantes.
- Os beneficiarios deberán atoparse ao corrente das obrigas tributarias con Facenda, coa Seguridade Social, coa Deputación e co Concello de Curtis.

Artigo 5.-Contía das axudas e imputación do gasto

As axudas serán de un máximo de 300 € por cada menor nacido ou adoptado, sempre que a cantidade total das axudas non supere os 7,800€.

Se das solicitudes que compren cos requisitos sinalados nesta convocatoria se deriva un gasto que supera a dita contía de 7,800 € esta será repartida de xeito igualitario entre todas elas, tendo en conta neste suposto que o límite máximo individual é de 300€. O cobro de dita axuda terá como límite o 31/01/2026.

A imputación do gasto realizarase con cargo a partida orzamentaria 231.480.00 do vixente orzamento do Concello de Curtis por un importe total de 7,800 euros.

Artigo 6.- Solicitudes.

6.1. As solicitudes das axudas deben de ser presentadas de conformidade ao modelo do Anexo I, dirixidas á Alcaldía e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Curtis, a través da sede electrónica ou en calquera outro dos lugares habilitados ao efecto, de conformidade da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.2. A convocatoria estará aberta para os nacementos ou adopcións que tiveran lugar entre o 16 de novembro do ano 2024 e o 15 de novembro de 2025, ambos inclusive. Os nacementos posteriores a esta data entrarían na seguinte convocatoria de axudas se fora o caso.

6.3. O prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no BOP, ata o 1 de decembro de 2025.

6.4. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do solicitante.
- Copia compulsada do libro de familia ou certificación literal de nacemento.
- De ser o caso, copia do auto xudicial de adopción.
- Copia compulsada do convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio, de ser o caso.
- Certificado de convivencia da unidade familiar, expedido polo Concello, onde figure a data de alta no Padrón Municipal de Habitantes. Os certificados serán achegados de oficio polo Concello.
- Compromiso de seguir empadroado no Concello de Curtis por un período mínimo de cinco anos ininterrompidos dende a data de concesión de dita axuda.
- Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do Concello que

non se cumpre algún dos mencionados requisitos.

-Copia compulsada, se é o caso, da resolución xudicial que estableza a quen corresponden a garda e custodia do menor en caso de separación, divorcio ou nulidade matrimonial.

-Certificado de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización para a súa consulta. Comprobarase de oficio que os solicitantes están ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios municipais, emitíndose a tales efectos o correspondente informe por parte da tesourería municipal.

-De ser o caso de ser titular de algún recibo do IBI, xustificante de pagamento do último exercicio.

De igual xeito o Concello de Curtis comprobará de oficio á situación da unidade familiar en relación co padrón municipal.

Artigo 7.- Procedemento e órgano de resolución.

7.1. Unha vez presentada e revisada a solicitude, se non estivesen debidamente cubertas ou non se presentase a documentación sinalada no artigo anterior, requirirase ao interesado para que, no prazo de 3 días hábiles proceda a súa emenda, con indicación de que se así non o fixese, entenderase que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

7.2. O prazo para resolver será antes de que finalice o exercicio 2025. Transcorrido dito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda.

7.3. Emitirase informe/proposta técnico pola Educadora Familiar coa análise da documentación presentadas coas solicitudes recibidas. O órgano competente para resolver será a Alcaldía.

7.4. A concesión da achega poderá ser denegada polos seguintes motivos:

-Non cumprir os requisitos establecidos na ordenanza para a concesión da axuda.

-Presentar a solicitude fora do prazo establecido.

7.5. Contra a resolución poderán interpoñerse os recursos pertinentes segundo a lexislación vixente, tendo en conta que esta pon fin á vía administrativa.

7.6. O Concello comprobará de oficio que se cumpren os requisitos de permanencia de empadramento de cinco anos, sinalados no art. 6. O incumprimento desta condición dará lugar á revogación da subvención concedida, coa obriga de devolver o importe íntegro da axuda concedida.

Será documento acreditativo do disposto neste apartado o certificado de empadramento.

Artigo 8.- Compatibilidade con outras prestacións/achegas

Esta axuda será compatible con calquera outra axuda coa mesma finalidade que pidan obterse doutros organismos públicos.

Artigo 9.-Deberes dos beneficiarios

A presentación de solicitude polos beneficiarios supón a aceptación incondicional das bases.

Quedan obrigados a comunicar ao Concello calquera circunstancia que modifique os requisitos para obter a subvención. Deberán reintegrar a axuda concedida cando se incumpran os requisitos para a súa concesión establecidos nas presentes bases.

Calquera falsidade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda ou, no caso de tela percibido xa, a devolución da mesma cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puideran esixir.

Artigo 10.- Publicidade.

O anuncio da presente convocatoria de axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica así como na páxina web do Concello de Curtis para xeral coñecemento.

Artigo 11.- Normativa supletoria.

En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Curtis para o exercicio 2025 así como o disposto na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Curtis (BOP N.º 43 de 21/02/2006), e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, así como na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.,e demais normativa de réxime local aplicable.

ANEXO I (SOLICITUDE)

SOLICITUDE DE AXUDAS PARA APOIO Á NATALIDADE DO CONCELLO DE CURTIS

SOLICITANTE:

Nome e apelidos:

DNI:

Enderezo:

Teléfono:

CÓNXUXE OU PARELLA (se é o caso):

Nome e apelidos:

DNI:

NENOS/AS (menores que causa o dereito á axuda):

Nome e apelidos:

Data de nacemento ou adopción:

Anos do menor (no caso de adopción):

Este solicitante **comprométese** a:

- A seguir empadroad/a e con residencia efectiva, tanto eu como o/a meu/miña fillo/a, no Concello de Curtis por un período mínimo de cinco anos ininterrumpidamente.
- Que o/a meu/miña fillo/a convivirá con este solicitante.
- Á devolución desta axuda no caso de incumprir algún dos requisitos esixidos para a súa concesión.

E autorizo:

-Á consulta dos meus datos e os pertencentes á unidade familiar, en referencia, as débedas con tódalas administracións (Facenda ,Seguridade Social, Deputación e Concello de Curtis) e os relativos ó padrón municipal.

Curtis, de de

Sinatura.